

Ola !!! Espero que te atopes ben.

Como sei que ías facer o camiño de Santiago coa túa avoa e as circunstancias neste momento non o permiten, invítoche a facelo dende casa facendo esta actividade, é moi sinxela .

So necesitas este material:

Unha libreta, un ordenador e un lapis para responder as preguntas.

Podes buscar a información navegando, nas páxinas que te propoño en cada actividade, para elo debes premer no enlace ou copialo no buscador que utilices.

Si mal non recordo, algunha vez tes dito que vivías preto da igrexa de San Pedro, pois ben cando saes da casa este é o primeiro edificio histórico que podes ver. Saberías contestar estas preguntas:

Muros:

<https://galiciapuebloapueblo.blogspot.com/2015/05/iglesia-de-s-pedro-muros.html>



- Sabes que igrexa é? _____
- En que século foi construída ? _____
- Quen a mandou construír? _____
- Cal é o seu estilo arquitectónico? _____

Continuamos camiñando e chegamos a Esteiro, alí atopamos a igrexa Parroquial.

Esteiro:

<https://patrimoniodemurosynoia.wordpress.com/2015/05/09/esteiro-2/>



- Saberías dicir entre que séculos foi construída? _____
- Que tipo de arcos podemos atopar no seu interior? _____
- No campanario atopamos unha imaxe, quen cres que é? _____

Polo camiño atópaste un pouco cansa, polo que decides parar na Ponte Nafonso. Esta ponte chama a túa atención e buscas información no teu móbil.

Ponte Nafonso

<https://patrimoniodemurosnoia.wordpress.com/2015/05/09/ponte-nafonso/>



- Con que nome se coñece a esta ponte? _____
- Sobre que río está construída? _____
- Cantos metros ten de longo? _____
- Que tipo de arcos ten? _____

Xa camiñaches de abondo hoxe, e decides pasar a noite en Noia, pero antes tes que cear e paras na Tasca Típica. O edificio é antigo, preguntas ao camareiro pola súa historia.

Noia:

<https://www.guiarepsol.com/es/fichas/monumento/pazo-dacosta-180569/>

	<ul style="list-style-type: none">- Quen o mandou construír? _____- Que tipo de edificio é? Subliña a correcta.<ul style="list-style-type: none">• Un castelo.• Unha igrexa.• Un pazo.- En que ano foi construído? _____- Cal é o estilo arquitectónico? Rodea.<ul style="list-style-type: none">• Románico.• Gótico.- Fíxate nos arcos, saberías dicir de que tipo son? Rodea.<ul style="list-style-type: none">• Arcos de medio punto.• Arcos oxivais.
--	--

Pola mañá, levántaste cedo e decides visitar as laudas gremiais de Santa María a Nova, unha igrexa que se atopa no centro de Noia e alberga un conxunto de laudas que se empregaban na Idade Media para enterrar ás persoas.

<https://www.viajandoconpio.com/museo-das-laudas-gremiais-noia/>




- Onde se atopan as laudas gremiais? _____
- Por que destacan as laudas gremiais? _____
- Que identifican estas inscricións? _____

Poñémonos de novo no camiño e ao chegar a San Xusto, paramos no Mosteiro de Toxosoutos. Alí refrescámonos coa auga do río San Xusto, gozamos da paisaxe e visitamos o mosteiro.

San Xusto

http://www.montelouro.es/Monasterio_de_toxosoutos.htm

	<p>- En que ano foi fundada?</p> <hr/> <p>- Quen a creou?</p> <hr/> <p>- Antes de ser un mosteiro que era?</p> <hr/>
--	--

Seguimos camiñando e chegamos a Brión, alí desvíamonos un anaquiño para ver as Torres de Altamira, restos dun castelo medieval.

<https://turismo.dacoruna.gal/es/descubre/patrimonio-provincial/torres-de-altamira-0>



- Cando se cree que foron levantadas estas torres?

- Cando foi destruída? _____

- Que partes consérvanse desta edificación?

E xa chegamos ao noso destino, a Catedral de Santiago de Compostela. Pasamos pola oficina do peregrino a recoller o certificado do noso percorrido.

Omnes dies et noctes quasi sub una sollempnitate continuato gaudio ad Domini et apostoli decus ibi excoluntur. Valde eiusdem basilice minime clauduntur die nocteque, et nullatenus nox in ea fas est haberi atra (cf. Ap 21, 25) quia candelarum et cereorum splendida luce ut meridies fulget. (Códice Calixtino)

El Cabildo de la Santa Apostólica Metropolitana Catedral de Santiago de Compostela sita en la región occidental de Las Españas, a todos los que vieren esta carta de certificación de visita, hace saber que:

Paula Freya Pedrosa

ha visitado la Basílica donde desde tiempo immemorial los cristianos veneran el cuerpo del Beato Apóstol Santiago.

Con tal ocasión, el Cabildo llevado del deber de caridad, al tiempo que con gozo le dan al peregrino el saludo del Señor y piden -por intercesión del Apóstol- que el Padre se digne concederle las riquezas espirituales de la peregrinación, así como los bienes materiales. Bendígalo Santiago y sea bendito.

Dada en Compostela, Meta del Camino de Santiago, el día 12 del mes febrero del año 2014

Después de realizar 60 km desde Muros donde comenzó el camino.

Segundo Pérez

Segundo L. Pérez López
Deán de la S.A.M.I. Catedral de Santiago

Agora descansas na praza do Obradoiro. Déitaste no centro da praza mirando a fachada da catedral.

<https://catedraldesantiago.online/fachada-del-obradoiro/>



De que estilo é a fachada? _____

Como se chama o santo que está en medio das dúas torres? _____

Canto mide cada unha das torres? _____

Cal é o nome destas torres?

Antigamente de que estilo era a fachada? _____

En que ano se comezou o cambio da fachada? _____ E cando rematou? _____